



BASES REGULADORAS DA ACCIÓN
REAFIRMA MEDIOAMBIENTE





BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS-ENTIDADES PARA BENEFICIARIAS DA ACCIÓN “REAFIRMA MEDIOAMBIENTE” DO PROXECTO CONTA CON ELAS, INICIATIVA EQUAL, FINANCIADA POLO FONDO SOCIAL EUROPEO

Con data 17 de novembro de 2004 o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aproba á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (en adiante MAIV) o Proxecto denominado “Conta con Elas”, cun montante económico total de 2.713.499,84 euros, no marco da Iniciativa Comunitaria Equal (2ª convocatoria) e financiado nun 75% polo Fondo Social Europeo. Este Proxecto enmárcase no Pilar IV: Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres na área temática de segregación no mercado de traballo.

En marzo de 2005 constitúese formalmente a “Agrupación de Desenvolvemento Área Metropolitana de Vigo”, agrupación que é responsable como máxima executora, sendo a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV) o organismo público responsable da boa e correcta execución das accións planificadas no Proxecto Conta con Elas, iniciativa Equal financiada polo Fondo Social Europeo. O Proxecto Conta con Elas desenvolverá accións directas no territorio da Mancomunidade desde agosto de 2005 ata decembro de 2007.

A Fundación Caixanova participa como entidade socia da A.D. Área Metropolitana de Vigo, comprometéndose a executar parte das accións do Proxecto. Unha das accións que lle corresponde executar á Fundación Caixanova é a denominada “Reafirma-Medioambiente”.

A Fundación Caixanova ten por obxecto o impulso, xestión e desenvolvemento daquelas actuacións culturais, cívicas, didácticas e educativas, científicas, socio económicas e demais análogas de interese xeral que, a iniciativa propia ou a proposta doutras institucións, fundacións ou organismos, estime necesarios ou convenientes para o desenvolvemento socio cultural e económico de Galicia. No marco deste cometido, entre unha das súas múltiples actividades encóntrase a creación e concesión de axudas, bolsas e premios que axuden á formación, ao estudo, á investigación e ao apoio á iniciación profesional e ao emprego.

A Fundación Caixanova valora que a difusión e coñecemento pola sociedade en xeral da acción “Reafirma-Medioambiente” cumprirá coas premisas de carácter social que entre os seus fins ten establecidos, constituíndo o desenvolvemento de devandita acción unha adecuada práctica formativa para a beneficiaria elixida, así como unha notable oportunidade de iniciación profesional.

“Reafirma-Medioambiente” ten por obxecto a concesión de 18 bolsas para facilitar a mulleres beneficiarias do Proxecto, seleccionadas para participar nesta acción, a posibilidade da iniciación profesional relacionada coa posta en marcha ou desenvolvemento dun proxecto de carácter medioambiental nunha empresa situada no territorio da MAIV.

Estas 18 bolsas implicarán para as mulleres beneficiarias, por unha banda, unha estancia durante un período de 6 meses nos centros de traballo dependentes das empresas-entidades beneficiarias desta acción. Por outra banda, as beneficiarias da bolsa terán dereito en concepto de “axuda” a unha contía de 500 euros por cada período mensual completado, en concepto de incentivo pola asistencia ás prácticas e axuda aos gastos de desprazamento e manutención.

O Proxecto Conta con Elas establece que as mulleres beneficiarias poderán ser dirixidas, polo equipo técnico de igualdade de oportunidades e inserción correspondente, a desenvolver prácticas



FONDO SOCIAL
EUROPEO



profesionais non remuneradas coa denominación de “Reafirma-Medioambiente”, co fin de mellorar o seu grado de empregabilidade, iniciándose e perfeccionándose nunha profesión que estará relacionada sempre co medioambiente.

Executarán ditas prácticas en empresas e ou entidades coas que se realizen os oportunos convenios de colaboración, de xeito que completen o itinerario de inserción laboral iniciado no marco do Proxecto Conta con Elas.

Polo tanto, por medio destas instrucións reguladoras quedarán recollidos os criterios necesarios para a adxudicación e concesión de bolsas “Reafirma-medioambiente” as beneficiarias do Proxecto e ás empresas seleccionadas, conforme a esta regulación.

MARCO XERAL

1.- OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto é a convocatoria de 18 axudas para realizar prácticas profesionais non remuneradas, de 6 meses de duración como máximo, para 18 mulleres pertencentes o Proxecto Conta con Elas, para que desenvolvan funcións de investigación e complementarias a estas, en proxectos de carácter medioambiental para empresas ou organizacións privadas da Área da Mancomunidade de Vigo.

A finalidade é apoiar o inicio ou o perfeccionamento profesional de 18 mulleres en ocupacións con escasa presenza feminina no ámbito do Medioambiente.

1.1.-Acción subvencionable

A actividade que se subvenciona é a realización de prácticas profesionais non remuneradas, de 6 meses de duración como máximo, para 18 mulleres desempregadas, en empresas ou organizacións privadas que desenvolvan a súa actividade no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, en 18 proxectos de carácter medioambiental.

Non haberá máis de unha axuda por empresa ou organización privada.

1.2.- Prohibición de relación laboral

Non se poderá formalizar contrato de traballo entre a beneficiaria e a empresa ou a organización privada durante o período de prácticas. **Non existirá relación laboral** entre a empresa ou organización privada asinante deste documento e a beneficiaria acollida ó programa de prácticas non laborais, polo que non se poderá esixir á empresa responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acontecidos durante o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, debendo de quedar cubertos pola póliza de seguro de accidentes subscrita pola Fundación Caixanova.

A realización das prácticas profesionais nos centros de traballo dependentes da citada empresa e/ou organización privada en ningún caso poderá supoñer a substitución do persoal con relación laboral coa empresa e ou organización privada asinante deste documento.

A muller beneficiaria da beca non pode estar traballando no momento de participar desta acción.

2.-RESOLUCIÓN:

A competencia para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da resolución será a do comité de selección, formado pola xerente ou a persoa en que delegue, pola coordinadora de actividades empresariais ou persoa en quen delegue do proxecto Conta con Elas da MAIV e outra persoa da Fundación Caixanova.

3.-BENEFICIARIOS/AS DAS PRÁCTICAS NON LABORAIS:

3.1- Empresas-organizacións privadas beneficiarias das prácticas:

REAFIRMA MEDIOAMBIENTE
REAFIRMA MEDIOAMBIENTE
REAFIRMA MEDIOAMBIENTE



eQual

a) Poderán ser beneficiarias as empresas ou organizacións privadas que teñan sede social ou algún centro de traballo na Área da MAIV que realicen algún proxecto de Medioambiente e/ou teñan departamento de medioambiente.

b) En ningún caso poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas nas que concorran algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.1.1.- Modo de selección das empresas destinatarias:

Crearase un comité de selección que é o competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da resolución, formado pola xerente ou a persoa en que delegue, pola coordinadora de actividades empresariais ou persoa en quen delegue do proxecto Conta con Elas da MAIV e outra persoa da Fundación Caixanova, que poderá contar -en caso de que sexa necesario- da asistencia, consello e/ou valoración dunha persoa técnica experta e independente.

Realizaranse 2 convocatorias públicas ao longo do ano 2006 e 2007 para que as empresas e organizacións privadas poidan solicitar a súa participación nesta acción. En cada unha delas seleccionaranse 9 empresas e/ou organizacións privadas. As que non sexan seleccionadas na primeira convocatoria poderán participar na segunda.

O modo de selección será en réxime de concorrencia competitiva para cada convocatoria separadamente.

No momento en que se seleccione a unha empresa para participar en Reafirma Medioambiente comunicaráselle por escrito nun prazo máximo de 10 días dende a resolución do comité de selección de cada convocatoria. A empresa comunicará mediante o documento anexo nº 4 nun prazo máximo de 10 días a contar dende o seguinte á recepción da comunicación, a aceptación ou renuncia a participar na acción Reafirma Medioambiente. Nun prazo máximo de 3 meses dende a aceptación enviaráselle a muller que vai realizar as prácticas profesionais non remuneradas.

3.1.2.- Criterios de preferencia na selección das empresas:

O sistema de baremación será decidido polas entidades que forman parte do comité de selección previamente á convocatoria.

a) Relacionados co proxecto que se presente na memoria

- Que sexa viable
- que sexa innovador
- que teña repercusión e incidencia no territorio
- que teña continuidade no tempo
- que se poda exportar a outras entidades

b) Relacionados coa empresa

- Que sexa nun sector especialmente masculinizado (segundo Orde de 16 de setembro do 98)
- que teña departamento de medioambiente, ou en proceso de creación
- que se realice nun departamento maioritariamente masculinizado
- que o proxecto a desenvolver tamen poida ser executado en cooperación con outras empresas

3.2- Mulleres beneficiarias das prácticas:

3.2.1.- Criterios de selección das mulleres participantes nesta acción

As mulleres teñen que pertencer ao grupo de beneficiarias atendidas polo Proxecto Conta con Elas na acción REAFIRMA.

As mulleres serán preseleccionadas polo equipo técnico de orientadoras do Proxecto Conta con Elas,

adecuándose o máis posible ó perfil que solicitan ás empresas.

Constituirase un Comité de selección formado por tres persoas, unha persoa representante do equipo técnico do proxecto Conta con Elas, outra persoa representante da Fundación Caixanova e outra persoa representante da empresa seleccionada para a realización de prácticas profesionais non remuneradas.

O Proxecto Conta con Elas enviará a este comité ata 3 mulleres candidatas, preseleccionadas polas técnicas do proxecto Conta con Elas, das que se elixirá unha titular e dúas suplentes.

No suposto de que a empresa rexeitara todas, a persoa responsable da mesma terá que comunicalo por escrito e razoando os motivos de rexeitamento.

Neste suposto enviaránselle ao Comité ata 6 candidatas máis en dúas quendas das que volverán a elixir unha titular e dúas suplentes.

No suposto de que ningunha das candidatas propostas sexan aceptadas pola empresa ou as razóns que o fundamentan non foran consideradas suficientes pola comisión, á empresa daráselle de baixa da acción REAFIRMA MEDIOAMBIENTE.

No momento en que se seleccione a unha muller para realizar as prácticas profesionais non remuneradas nas empresas seleccionadas, esta muller entra a formar parte do grupo de bolseiras de Reafirma Medioambiente.

As mulleres que non foron seleccionadas quedan de reserva, para o suposto de que se dea algunha beneficiaria de baixa, e poden participar de máis procesos de selección.

4.-OBRIGAS DAS EMPRESAS BENEFICIARIAS:

Son obrigas das empresas beneficiarias, nos termos do artigo 14 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións:

- Facilitar á beneficiaria a realización das actividades recollidas na memoria que se presentou e que foi aprobada polo comité de selección da acción Reafirma Medioambiente.
- Acolle á beneficiaria na empresa achegándolle a información precisa para a súa estadía nela.
- As funcións e o traballo que desenvolva a bolseira non pode ocasionarlle ningún outro tipo de gasto.
- Facilitarlle á beneficiaria a integración no clima organizativo da entidade.
- Realizar o seguimento da actividade realizada pola beneficiaria e proporcionarlle axuda e asesoramento nos momentos nos que o precise.
- Facilitar á usuaria a certificación correspondente ó período de prácticas con mención detallada das actividades realizadas e o seu grao de consecución.
- Nomeamento dunha persoa titora.
- Aínda coa procura da eficiencia na utilización de todos os medios e recursos ao seu alcance, a empresa, coa estancia da bolseira, non obvia a contratación laboral das persoas que tivese planificado incorporar.
- Comunicar de xeito inmediato á Fundación Caixanova calquera incidencia que afecte ao normal desenvolvemento do período formativo.
- Cumprimentar e devolver ao finalizar o período de prácticas formativas non remuneradas o cuestionario de avaliación que a Fundación Caixanova lle remita.
- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das axudas obxecto da presente convocatoria.
- Xustificar ante a Fundación Caixanova, entidade responsable desta acción dentro do Proxecto Conta con Elas, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade

REAFIRMA MEDIOAMBIENTE
REAFIRMA MEDIOAMBIENTE
REAFIRMA MEDIOAMBIENTE

+ds
conta
cOñeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



eQual



formativa e o cumprimento da actividade que determine a concesión ou goce da axuda.

- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o proxecto Conta con Elas da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, así como calquera outras de comprobación e/ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta formación lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Recoller o consentimento das persoas afectadas para a recollida, tratamento e cesión dos seus datos persoais, así como facilitar ás persoas afectadas a preceptiva información, todo iso nos termos previstos nos artigos 5 e 6 da LO 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e demais normativa aplicable, en todos os supostos nos que, no marco da presente convocatoria, as empresas beneficiarias deban recoller, tratar e comunicar ao Proxecto Conta con Elas datos persoais de terceiras persoas.
- Tamén será obrigatorio das empresas beneficiarias custodiar a documentación acreditativa do cumprimento das obrigas ás que se refire o parágrafo anterior e manter a citada documentación actualizada a disposición do Proxecto Conta con Elas.

5.- TIPO GASTO SUBVENCIONABLE:

O gasto subvencionable da presente axuda é a realización de prácticas profesionais non remuneradas para 18 mulleres, de 6 meses de duración máxima, realizando funcións de investigación en proxectos de carácter medioambiental en 18 empresas ou organismos privados que desenvolvan a súa actividade na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

A Fundación Caixanova mensualmente, e previa xustificación por parte da persoa titora ou responsable das prácticas, pagaralle á muller beneficiaria unha compensación económica equivalente a 500 € mensuais en concepto de incentivo pola asistencia ás prácticas e axuda aos gastos de desprazamento e manutención.

6.-FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Haberá dúas convocatorias públicas para as empresas e organizacións privadas.

As solicitudes presentaranse en data por correo certificado dirixido á Fundación Caixanova (Bolsas Reafirma Medioambiente), Instituto de Desarrollo Caixanova. Policarpo Sainz 24-26 36201- Vigo. Tamén se poden presentar persoalmente no rexistro da Fundación Caixanova.

7.-ACREDITACIÓN DE REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN:

As empresas e organizacións privadas deberán acompañar á solicitude:

a) NIF do/a empresario/a cando sexa persoa física ou CIF cando sexa persoa xurídica, e poder de representación da persoa que a representa.

b) Organigrama da empresa

Ademáis debe presentar unha **memoria** na que debe constar como mínimo:

- denominación do proxecto.
- prazo determinado para a súa execución
- centro de traballo no que se vai desenvolver
- perfís profesionais preferentes solicitado da muller que vai realizar as prácticas.
- funcións que vai desenvolver a muller nas prácticas.
- departamento no que vai desenvolver as prácticas
- horario preferente no que vai desenvolver as prácticas
- nome e cargo da persoa responsable do departamento e da titoría da muller beneficiaria.

Esta memoria deberá proporcionar información suficiente que permita valorar a proposta de acordo cós criterios do artigo 2.1.2

c) Certificación da Seguridade Social da empresa de estar ao corrente das súas obrigas e de non ter débedas.

d) Certificación de Facenda da empresa de estar ao corrente das súas obrigas e de non ter débedas.

e) Certificado bancario de existencia de conta corrente da empresa onde realizar o ingreso

8-COMITÉ DE SEGUIMIENTO:

Crearase un comité de seguimento destas axudas composto por tres persoas: dúas persoas do equipo técnico do proxecto Conta con Elas da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo e unha persoa representante da Fundación Caixanova. Este comité reunirase as veces que considere oportunas e obrigatoriamente unha vez cada tres meses.

Este comité actuará para tentar solucionar calquera tipo de dúbida e/ou conflito que poda xurdir durante o período das prácticas.

9.- XUSTIFICACIÓN :

Considérase xustificada a actividade coa presentación da seguinte documentación:

- Memoria correspondente ao período de prácticas con mención detallada das actividades realizadas e o seu grao de consecución asinado pola persoa responsable da empresa, do/a titor/a responsable da formación e pola muller que realizou as prácticas.
- Xustificantes das transferencias bancarias realizadas á muller, así como os pagos a compañías de seguros pola cobertura de accidente e responsabilidade civil.

10.- FORMA DE PAGAMENTO DAS BOLSAS

O pagamento das bolsas realizarao mensualmente a Fundación Caixanova mediante transferencia bancaria á muller beneficiaria das prácticas profesionais non remuneradas, previa xustificación mensual por parte da empresa beneficiaria da realización das funcións realizadas acción de formación.

A empresa deberá mensualmente enviar á Fundación Caixanova unha memoria asinada pola persoa titora responsable da formación e pola traballadora a que se especifiquen as funcións e labores que se desenvolveron nese mes.

10.- REGULACIÓN

A regulación específica das condicións de realización das prácticas entre as empresas e/ou Institucións e as mulleres atópase no documento número 1 que se acompaña denominado **“Acordo de Colaboración para a realización de prácticas non remuneradas en empresas ou organizacións privadas para usuarias da acción reafirma Medioambiente, do Proxecto Conta con Elas, da A.D. Área Metropolitana de Vigo, iniciativa Equal financiada polo Fondo Social Europeo.”**

11.LEXISLACIÓN APLICABLE:

A lexislación aplicable ás bases desta convocatoria é a seguinte: as normas comunitarias aplicables, as normas nacionais de desenvolvemento o transposición daquelas; a lexislación básica do estado: Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións; con carácter supletorio a lexislación estatal non básica, a normativa autonómica e demais normas que podan ser de aplicación.

REAFIRMA MEDIOAMBIENTE
REAFIRMA MEDIOAMBIENTE
REAFIRMA MEDIOAMBIENTE

+as
conta
cOnELas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO



eQual